

Programa Tenis Profesional

Este programa está dirixido a todas as xogadoras/es galegas con licenza pola Federación Galega de tenis que participan no circuíto profesional de tenis (WTA/ATP).

As condicións para acceder a este programa son as seguintes:

- Ter licenza por la FGTennis
- Ser galega/o, ou ter un mínimo de 2 anos de residencia en Galicia.
- Residir no ano en curso en Galicia.
- Participar ao menos 6 probas do circuíto WTA-ITF feminino/ATP-ITF masculino.
- Presentar un calendario de competicións para o ano en curso e o programa de adestramentos.
- Participar no Campionato Galego Absoluto.
- Participar nas probas do circuíto WTA-ITF/ATP-ITF que se celebran en Galicia.
- Participar en campañas publicitarias, recepcións o clinics que organice a FGTennis.
- Representar a FGTennis en posibles seleccións Autonómicas.

O programa concede as seguintes axudas as xogadoras/es incluídas neste programa:

- Subvención do 50% dos gastos nos torneos WTA-ITF/ATP-ITF, dende o día anterior ao inicio da participación na competición, ata o día seguinte a finalización da participación na competición.
 - Manutención cun máximo por día de 35€/persoa.
 - Aloxamento cun máximo por día de 45€/persoa.
 - Inscripcións.
 - Desprazamento, billete de avión, tren, ou si e en vehículo 0,26€/km (ida e volta).
- Tódolos gastos teñen que ser xustificados mediante factura.
- Posibilidade de cesión da furgoneta da FGTennis para o desprazamento. (en función da dispoñibilidade).
- A cantidade máxima destinada a este programa será decidida pola xunta directiva trala aprobación do orzamento.
- As competicións nas que son acompañadas polo seu adestrador (terá que ser adestrador titulado) se lle pagará un máximo de 75€/día (contando dende o inicio da participación ata a súa eliminación), sempre que se xustifique ese gasto.
- A xustificación dos gastos será o 30 de novembro do 2024 e coas seguintes condicións:
 - Enviar a comunicación de asistencia ao torneo con una antelación mínima de 4 días.
 - Enviar ao correo info@fgtenis.net foto da xogadora durante o evento, e o resultado cos cadros do torneo ao finalizar o evento.
- Calquera incumprimento destas condicións suporá a exclusión da xogadora deste programa.

Duración do programa

Del 1/01/2024 ao 30/11/2024.

Orzamento

A decidir pola xunta directiva trala aprobación do orzamento pola Asemblea.

Se o importe total supera esta cantidade, o reparto será de xeito proporcional en función do gasto total xustificado polas xogadoras.